Informe de Revisión do Sistema pola Dirección

Escola Universitaria CEU Maxisterio-Vigo

Curso: 2024/2025

ELABORACIÓN	VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Coordinación de Calidad	Comisión de Calidade	Xunta de Goberno
Data e sinatura	Data e sinatura **18/06/26**	Data e sinatura **29/09/26**

Índice

I INTRODUCIÓN 3

II ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNS DO CENTRO 6

III ACCIÓNS DE MELLORA 21

IV CADRO DE MANDO 22

V QUEIXAS, SUXESTIÓNS E PARABÉNS 22

VI PLAN ESTRATÉXICO/ PLAN OPERATIVO 22

VII ANEXOS 23

I INTRODUCIÓN

I.1 Descrición del centro y de las titulacións

Anualmente a Escola ten a obrigación de dar conta no Informe de Revisión do Sistema pola Dirección do estado no que se atopa. Para iso, é imprescindible que desde a Escola se reflexione e analice a situación que afecta aos estudos de grao que se imparten nela. A elaboración deste informe é o resultado dun traballo en equipo no que se implicaron as coordinadoras de cada unha das titulacións, a dirección do centro e a Comisión de Calidade, baixo a supervisión da responsable de Calidade da Escola.

O Informe de Revisión do Sistema pola Dirección inclúe, polo tanto, o análise dos datos relativos ao curso anterior dos Graos de Educación Infantil e de Educación Primaria e, ademais, o análise por distintos colectivos: alumnado, profesorado, PAS, alumnado egresado, empregadores, etc. Así mesmo, atendendo á responsabilidade que tanto a Comisión de Calidade como a Xunta de Goberno teñen sobre a elaboración do informe, convocáronse reunións en distintos niveis para valorar a súa pertinencia e adecuación. Neste sentido, os membros de ambas xuntas teñen a oportunidade de realizar os xuízos e achegas que consideren pertinentes, sempre coa finalidade de mellora.

Durante o curso académico 2024/2025 seguiuse a mesma liña que en cursos anteriores, coa coordinación transversal entre o profesorado e entre distintos niveis. Neste sentido, tratándose dun centro pequeno, o profesorado que asume as funcións de coordinación nos respectivos cursos e títulos tamén imparte docencia nas dúas titulacións e, por tanto, coñece ben o alumnado e as dificultades que se poden presentar no día a día. Isto posibilita que as dinámicas de coordinación funcionen con eficacia e rapidez e que o cumprimento dos obxectivos non se vexa alterado.

Na seguinte táboa reflictese detalladamente a estrutura académica dos distintos responsables cunha perspectiva histórica que, por razóns de espazo, inclúe os dous últimos cursos. Nela, pódese observar que a modificación máis relevante foi a división dos cursos de primeiro en dous grupos co fin de mellorar a ratio, garantir unha mellor atención ao alumnado e unha mellor calidade da docencia.

TÁBOA 1. Estrutura de coordinación e apoio á docencia nos títulos de Grao

Responsabilidad		Curso 2024-2025	Curso 2023-2024	Curso 2022- 2023
Coordinación de títulos				
Coordinadora título Educación Infantil		Criado del Rey Morante, Julia	Criado del Rey Morante, Julia	Criado del Rey Morante, Julia
Coordinadora título Educación Primaria		Varela Iglesias, Miriam	Piñero Sampayo, Mª Fernanda	Piñero Sampayo, Mª Fernanda
Coordinación cursos Grao Educación Infantil				
Coord. 1º Infantil	**A**	García Cajide, Purificación	García Cajide, Purificación	García Cajide, Purificación
	B	Lloves Pequeño, Marta	Lloves Pequeño, Marta	
Coord. 2º Infantil		Criado del Rey Morante, Julia	Criado del Rey Morante, Julia	Criado del Rey Morante, Julia
Coord. 3º Infantil		Peláez Torres, Marta	Peláez Torres, Marta	Peláez Torres, Marta
Coord. 4º Infantil		Caíño Carballo, Ana	Caíño Carballo, Ana	Caíño Carballo, Ana
Coordinación cursos Grao Educación Primaria				
Coord. 1º Primaria	**A**	Ciga Tellechea, Elena	Ciga Tellechea, Elena	Ciga Tellechea, Elena
	B	Martínez Carrera, Sara	Muñoz Prieto, Mar	
Coord. 2º Primaria		Álvarez Lago, Susana	Álvarez Lago, Susana	Álvarez Lago, Susana
Coord. 3º Primaria		Rodríguez Lorenzo, Mª del Carmen	Rodríguez Lorenzo, Mª del Carmen	Rodríguez Lorenzo, Mª del Carmen
Coord. 4º Primaria		Varela Iglesias, Miriam	Piñero Sampayo, Mª Fernanda	Piñero Sampayo, Mª Fernanda
Coordinación prácticas externas curriculares				
Educación Infantil		Muñoz Prieto, Mª del Mar	Muñoz Prieto, Mª del Mar	Muñoz Prieto, Mª del Mar
Educación Primaria		Muñoz Prieto, Mª del Mar	Muñoz Prieto, Mª del Mar	Muñoz Prieto, Mª del Mar
Coordinación Traballo Fin de Grao				
Educación Primaria		Fragueiro Barreiro, Sandra	Fragueiro Barreiro, Sandra	Fragueiro Barreiro, Sandra
Educación Infantil		Fragueiro Barreiro, Sandra	Fragueiro Barreiro, Sandra	Fragueiro Barreiro, Sandra
Coordinación mobilidade de estudantes				
Coordinadora		Peláez Torres, Marta	Peláez Torres, Marta	Álvarez Ledo, Sandra
Coordinación de Calidade				
Coordinador		Caíño Carballo, Ana	Caíño Carballo, Ana	Caíño Carballo, Ana
Coordinación PAT				
Coordinadora		Álvarez Lago, Susana	Álvarez Lago, Susana	Álvarez Lago, Susana

En relación co Sistema de Garantía Interna da Calidade, a Comisión de Calidade continuou co proceso de revisión e actualización da documentación do sistema, aprobando durante este curso os seguintes procedementos:

- AC-01 Admisión, Evolución e Expedición de Títulos Oficiais.
- DE-03 Revisión pola Dirección.
- DO-0204 Xestión das Prácticas Académicas Externas.

• MC-02 Xestión das Queixas, Suxestións e Parabéns.

Do mesmo xeito, e como consecuencia da entrada en vigor do Real Decreto 822/2021, levouse a cabo a adaptación das titulacións impartidas na Escola ao novo marco normativo relativo aos ámbitos de coñecemento. Este real decreto substitúe a anterior organización por ramas de coñecemento e establece a adscrición dos títulos universitarios a ámbitos de coñecemento específicos, que determinan a configuración das materias de formación básica. Neste contexto, e seguindo os acordos adoptados na Comisión Intercentros da Universidade de Vigo, na que participaron os centros responsables das titulacións de Educación de Vigo, Pontevedra e Ourense, acordouse adscribir tanto o Grao en Educación Infantil como o Grao en Educación Primaria ao ámbito de coñecemento de Ciencias da Educación. Así mesmo, aprobouse a inclusión da totalidade das materias de formación básica dentro do citado ámbito de coñecemento, de conformidade co establecido no Real Decreto 822/2021. Este acordo foi posteriormente ratificado pola Comisión de Calidade da Escola.

I.2 Datos e Indicadores

Los datos e indicadores que se utilizarán para realizar la revisión se encuentran en el cuadro de mando asociado al procedemento *"DE-02 Seguimento e Medición",* disponible en formato Excel en la siguiente enlace de la página web del centro: http:// https://www.escuelamagisterioceuvigo.es/calidad/

I.3 Outros datos salientables

O centro e/ou os títulos poden engadir outros resultados relevantes, mais aló dos relacionados estritamente co panel de indicadores.

Poden incluírse referencia ou recortes en prensa sobre o centro, as titulacións, o profesorado do centro, outros logros acadados ou cuestións de especial interese.

II ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNS DO CENTRO

Atendendo ás características do centro (número de alumnado, profesorado, PAS, instalacións, etc.) neste apartado analizaranse de xeito conxunto os resultados de cada unha das titulacións adscritas ao centro.

II.1 Titulacións **Grao de Educación Infantil** y **Grao de Educación Primaria**

Criterio 1: Organización e Desenvolvemento

Estándar: O programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do estudantado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

No curso 2024/2025 matriculáronse 76 estudantes de novo ingreso no Grao en Educación Infantil e 80 no Grao en Educación Primaria, o que supón un descenso moderado con respecto ao curso anterior (79 e 89 respectivamente). A análise da tendencia dos tres últimos cursos revela unha estabilidade sostida en ambas titulacións como se amosa no gráfico.



A taxa de ocupación é un bo indicador desa estabilidade, pois ambas titulacións superan a taxa de ocupación do 100% —situándose no 101,33% en Infantil e no 106,67% en Primaria—, o que confirma a capacidade do centro para captar alumnado suficiente para cubrir a totalidade das prazas ofertadas.



A taxa de preferencia —que mide a proporción de estudantes que elixen a titulación como primeira opción respecto ás prazas ofertadas— presenta valores moi favorables no curso 2024/2025: 106,67% en Infantil e 121,33% en Primaria. Resulta especialmente significativo o salto que experimenta o Grao en Educación Primaria, que pasa do 110,67% do curso 2023/2024 ao 121,33% actual. Isto indica que cada vez máis

estudantes elixen este grao como opción preferente, o que apunta cara a unha mellora na percepción e no posicionamento do centro.



Non obstante, a taxa de adecuación —que reflicte a porcentaxe de alumnado que efectivamente accedeu como primeira opción sobre o total de matriculados— sitúase no 34,21% en Infantil e no 37,50% en Primaria. Estes valores amosan que, aínda que a demanda é alta, unha proporción importante do alumnado accede ao centro sen telo como primeira opción, probablemente como consecuencia da oferta competidora dos centros públicos da mesma universidade. Esta circunstancia, xa identificada en cursos anteriores, condiciona indicadores como a taxa de abandono e merece un seguimento e reflexión continuados sobre a política de captación e de acompañamento ao alumnado desde o primeiro momento.



A modalidade de acceso maioritaria continúa sendo o título de bacharelato: o 77,6% do alumnado de novo ingreso en Infantil cunha nota media de acceso de 7,39 e o 83,5% en Primaria cunha nota media de 8,12 accede por esta vía. Destaca o peso crecente da Formación Profesional en Educación Infantil, con 22 estudantes (un 28,9% do total), cunha nota media de acceso (7,43) comparable á do alumnado procedente de bacharelato (7,39). Este perfil require dunha atención específica na planificación docente —especialmente na xestión do recoñecemento de créditos e na conformación dos grupos de prácticas—, aspecto que o centro xa tivo en conta en cursos anteriores e nos que segue traballando. A comisión de recoñecemento de créditos da Escola desenvolveuse de acordo co previsto. No Grao en Educación Infantil, o recoñecemento de créditos por FP mantense estable (36 estudantes, 432 créditos solicitados e recoñecidos na súa totalidade), o que confirma a adecuación do procedemento. No Grao en Educación Primaria, obsérvase un descenso no número de estudantes con recoñecemento (de 8 a 6) e nos créditos recoñecidos (de 354 a 294 sobre 337 solicitados), o que indica que nun número de casos os créditos non son plenamente recoñecibles.

	Grao Mestre en Educación Infantil					
	Materias			Formación Profesional		
	Alumnos	Créditos solicitados	Créditos recoñecidos	Alumnos	Créditos solicitados	Créditos recoñecidos
22-23	3	174	138	34	432	432
23-24	6	284	222	34	396	396
24-25	-	-	-	36	432	432

	Grao Mestre en Educación Primaria		
	Alumnos	Créditos solicitados	Créditos recoñecidos
2022-23	4	192	156
2023-24	8	378	354
2024-25	6	337	294

Estes datos amosan o incremento do perfil de ingreso de alumnado procedente de ciclos no caso de Educación Infantil, o que motivou que se tivesen que facer cambios organizativos no centro para garantir unha docencia equilibrada e de calidade.

Ademais, o centro desenvolve accións específicas de información, acompañamento e orientación ao estudantado, especialmente ao de novo ingreso, no marco do seu Plan de Acción Titorial. O plan titorial da Escola inclúe tamén o incremento de titorías presenciais na aula ao longo do curso, prestando especial atención ao alumnado de primeiro, con obxectivos de apoio emocional, adaptación e fomento da responsabilidade académica; titorías individuais co estudantado de novo ingreso, favorecendo un coñecemento máis próximo por parte do profesorado e unha detección temperá das súas necesidades e reunións cuadrimestrais das titoras co profesorado das materias correspondentes, que permiten unha visión integral do seguimento do alumnado e facilitan a detección de dificultades e o deseño conxunto de medidas de apoio.

O grao de satisfacción do alumando nas Enquisas de Avaliación Docente (EAD) mantense en niveis medio- altos. No curso 2024/2025 aplicouse a corrección do erro de duplicación detectado en cursos anteriores, polo que os datos de participación son agora fiables. A taxa de participación situouse no 43,83% en Educación Infantil (1.367 enquisas sobre 3.119 potenciais) e no 39,69% en Educación Primaria (1.372 sobre 3.457), ambas por encima dos cursos anteriores e da media universitaria. A puntuación global de satisfacción foi de 3,99 en Infantil e 4,02 en Primaria, valores que se sitúan por encima da media dos Graos da Universidade de Vigo e que consolidan a tendencia positiva. O ítem mellor valorado en ambas titulacións é o cumprimento dos criterios de avaliación (P09: 4,18 e 4,19

respectivamente), mentres que os ítems de organización das clases e resolución de dúbidas en 1º curso presentan as puntuacións máis baixas, o que suxire a necesidade de reforzo no acompañamento ao alumnado de primeiro.





Puntos débiles detectados na reflexión:	**Denominación das accións de mellora** (Todas as accións de mellora rexístranse na aplicación SGIC)**:**
• .. • ..	• .. • ..

<u>Evidencias nas que basea a reflexión:</u>

E1: Memoria vixente do título
E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora
E3: Documento onde se recolla a análise do perfil real de ingreso/egreso
E4: Guías docentes das materias (resultados de aprendizaxe, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe, …)
E5: Actas das reunións da Comisións Académica, de Titulacións e de Calidade
E6: Listaxe de estudantado que solicitou o recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).
E7: Informes sobre o recoñecemento de créditos para valorar a súa adecuación
E8: Resultados de medición da satisfacción de empregadores e persoas tituladas respecto ao perfil de egreso

E13: Documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% de participación, resultados e a súa evolución…)
E20: Listaxe de centros/entidades para á realización das prácticas externas curriculares ou extracurriculares

- QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a reflexión:

I1-I2: Número de estudantes de novo ingreso
I3: Indicadores de mobilidade do estudantado
I13: Planificación docente anual: PDA. (R1 DO-0201 PDA)
I44: Índice de satisfacción coa organización e desenvolvemento

Criterio 2: Información e Transparencia

Estándar: O Centro dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

Reflexión sobre á Información e Transparencia da titulación:

(A reflexión basearase nas evidencias e indicadores que se atopan a continuación. No caso que se detecten debilidades ou oportunidades para a mellora, se indicarán de xeito resumido no apartado "Puntos débiles detectados na reflexión". Cada punto débil detectado terá asociado unha acción de mellora co fin de tentar a súa solución, que se rexistrará na SGIC e se indicará a súa denominación no apartado "Denominación das accións de mellora)

A Escola conta con procedementos consolidados para garantir a publicación de información relevante, actualizada e accesible sobre as súas titulacións: páxina web, intranet, taboleiros informativos, pantalla dixital na entrada do centro e plataformas de teledocencia (Blackboard e Teams). Esta oferta informativa cobre as necesidades dos diferentes grupos de interese e garante a transparencia institucional.

As puntuacións obtidas no bloque de Información e Transparencia son, en xeral, as máis altas das **enquisas de satisfacción do alumnado**, o que confirma que os mecanismos de comunicación están a funcionar ben. O alumnado valora positivamente a utilidade da páxina web (3,62 en Infantil) e a facilidade para atopar contidos (3,59 en Infantil; 3,45 en Primaria), aínda que a valoración da información transmitida a través de plataformas e outros soportes é sensiblemente máis baixa (2,74 en Infantil; 3,38 en Primaria), o que suxire que existen marxes de mellora na utilización das plataformas dixitais como canles de información institucional, máis alá do seu uso estritamente académico. Pola súa banda, o **profesorado** amosa unhas puntuacións moi altas neste bloque (4,58 en Infantil e 4,54 en Primaria), situándose entre os bloques mellor valorados polos docentes. Isto indica que o profesorado percibe que dispón dunha información clara e accesible sobre as titulacións que imparte. En relación coas **persoas tituladas** outorgan ao bloque de información e transparencia unha valoración de 3,00 en Infantil, o que, con todo, debe interpretarse con cautela dado o reducido número de respostas (3 persoas por titulación). Esta limitación da mostra impide extraer conclusións sólidas, pero si evidencia a necesidade de incrementar a participación dos egresados nas enquisas de satisfacción.

En conxunto, o funcionamento dos mecanismos de información é positivo, cunha puntuación do alumnado por encima dos 3 puntos e un profesorado moi satisfeito. A área de mellora máis clara sitúase no uso informativo das plataformas de teledocencia: o alumnado as valora como ferramenta académica, pero non tanto como canle de información institucional. Este aspecto debería ser abordado nunha revisión do plan de comunicación interna do centro.

Encuesta	Grado Educación Infantil	Grado Educación Primaria
Satisfacción alumnado	3,31	3,52
Satisfacción egresados[1]		
Satisfacción profesorado	4,56	
Satisfacción PAS	SD	

Puntos débiles detectados na reflexión:
- Plan de comunicación interna do centro

Denominación das accións de mellora (Todas as accións de mellora rexístranse na aplicación SGIC)**:**
- Elaborar un calendario académico de todas as actividades académicas ao comezo de curso.

Evidencias nas que basea a reflexión:

E9: Páxina web da Universidade/Centro/Título
- R1 DO-0301: Lista de chequeo ou verificación da Información Pública
- QSP relacionadas coa información e transparencia

Indicadores nos que se basea a reflexión:

I26: Índice de satisfacción coa promoción da titulación e a información pública na web

Criterio 3: Sistema de Garantía de Calidade

Estándar: O centro dispón dun sistema interno de garantía da calidade formal-mente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión sobre á Sistema de garantía de calidade da titulación:

(A reflexión basearase nas evidencias e indicadores que se atopan a continuación. No caso que se detecten debilidades ou oportunidades para a mellora, se indicarán de xeito resumido no apartado "Puntos débiles detectados na reflexión". Cada punto débil detectado terá asociado unha acción de mellora co fin de tentar

[1] Mostra moi reducida. Só 6 persoas de 88 cun 6.8% de participación.

a súa solución, que se rexistrará na SGIC e se indicará a súa denominación no apartado "Denominación das accións de mellora)

O SGIC da Escola está implantado e en funcionamento, con procedementos actualizados e un seguimento regular a través da Comisión de Calidade. Durante o curso 2024/2025 aprobáronse catro novos procedementos (AC-01, DE-03, DO-0204 e MC-02), o que evidencia un esforzo sostido na revisión e mellora da documentación do sistema.

O profesorado outorga ao bloque de Sistema de Garantía de Calidade a puntuación máis alta de todos os bloques da súa enquisa: 4,63 en Infantil e 4,44 en Primaria. Isto indica que o profesorado coñece e valora positivamente o SGIC, percibe que as canles de participación existen e son accesibles, e confía no traballo da Comisión de Calidade. En contraposición, o alumnado presenta as valoracións máis baixas precisamente neste bloque: 2,51 en Infantil e 2,95 en Primaria, sendo o bloque peor puntuado en ambas titulacións. A análise dos ítems revela que os estudantes amosan especial descoñecemento ou insatisfacción con respecto á atención ás queixas e suxestións (2,44 en Infantil; 2,91 en Primaria) e á implicación da escola na resolución de problemas (2,59 en Infantil; 2,95 en Primaria).

Resulta moi relevante contrastar esta percepción co feito obxectivo de que no curso 2024/2025 non se recibiu ningunha queixa formal a través do sistema QSP. Esta contradición —baixas valoracións do sistema, cero queixas— apunta claramente a un problema de descoñecemento e de falta de confianza no sistema, non a un mal funcionamento real do mesmo. O alumnado probablemente non emprega o sistema porque non o coñece ou non confía nel, e ao mesmo tempo valora negativamente algo que descoñece. Esta é a hipótese de traballo da Comisión de Calidade, e é a base do plan de mellora asociado a este criterio.

En síntese, o SGIC funciona correctamente a nivel técnico e é percibido de forma moi positiva polo profesorado, pero presenta un déficit significativo no que respecta á conexión co alumnado. A mellora deste indicador require unha estratexia activa de visibilización e de fomento da participación estudantil.

Valoración do Sistema de Garantía de Calidade	
Profesorado B7: Xestión de Calidade	**4,54**
Alumnado B3: Sistema de Garantía de Calidade	**Ed. Infantil- 2,51 Ed. Primaria-2,95**
Alumnado titulado B3: Sistema de Garantía de Calidade	**Ed. Infantil- 3.17 Ed. Primaria-2,50**
PAS B5: Xestión de la Calidad	**SD**

Puntos débiles detectados na reflexión:	**Denominación das Accións de mellora**
• Baixas valoracións nos epígrafes relacionados co sistema de QSP	• Continuar co plan de mellora aberto.

Evidencias nas que basea a reflexión:

E5: Actas das reunións da Comisións Académica, de Titulacións e de Calidade
E10: Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)
E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC
E12: Plans de mellora

E13: Documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución…)
E14: Informe de certificación da implantación do SGC
- QSP relacionadas co Sistema de garantía de calidade

Indicadores nos que se basea a reflexión:

I4: Resultados dos indicadores do SGC
I41: % Rexistros en estado completado na aplicación SGIC
I42: % Accións de Mellora finalizadas en prazo

Criterio 4: Recursos Humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión sobre os Recursos Humanos da titulación:
(A reflexión basearase nas evidencias e indicadores que se atopan a continuación. No caso que se detecten debilidades ou oportunidades para a mellora, se indicarán de xeito resumido no apartado "Puntos débiles detectados na reflexión". Cada punto débil detectado terá asociado unha acción de mellora co fin de tentar a súa solución, que se rexistrará na SGIC e se indicará a súa denominación no apartado "Denominación das accións de mellora)

O cadro docente da Escola mantén a súa estabilidade e adecuación ao longo dos últimos tres cursos. A estrutura de dous grupos por curso en 1º (grupos A e B, con ratios de 40 estudantes), implantada nos cursos anteriores para mellorar a calidade da docencia, consolídase no curso 2024/2025 con resultados positivos en termos de atención ao alumnado. A Escola mantén a liña de mellora do perfil investigador do PDI iniciada no Plan Estratéxico, que xa deu froitos en cursos anteriores (formalización do recoñecemento de sexenios, formación investigadora, vinculación a grupos de investigación). No curso 2024 /2025 contabilizábanse 12 doutores sobre un total de 22-23 profesores, con 8-9 acreditados e unha docente con sexenio de investigación.

As valoracións do bloque de Recursos Humanos presentan un patrón diferenciado segundo o colectivo. O profesorado outorga altas puntuacións (4,50 en Infantil e 4,56 en Primaria), e os egresados valoran de forma moi positiva os recursos humanos do centro (4,33 en Infantil). Non obstante, o alumnado activo amosa puntuacións máis moderadas (3,71 en Infantil e 3,27 en Primaria). Cabe destacar que nas enquisas de satisfacción do estudantado, na sección de preguntas abertas, sitúase como un dos aspectos máis valorados polo alumnado o profesorado e a súa implicación. Destacan a calidade docente, a atención próxima e a experiencia profesional do PDI.

O PAT desenvolveuse de forma satisfactoria durante o curso 2024/2025, con todas as titoras asignadas desde o inicio de curso e con reunións de seguimento cada cuadrimestre. A coordinación entre a coordinadora do PAT (Susana Álvarez Lago) e a nova co-coordinadora de ANEAE (Paula Ramos Garrido) permitiu dar resposta axeitada aos 16 estudantes que solicitaron apoio educativo, incrementando o número respecto a cursos anteriores. Destaca a elaboración dunha nova táboa de indicadores de benestar emocional remitida a todo o profesorado, que supón un paso relevante na detección temperá de estudantes en situación de vulnerabilidade.

Segundo os resultados da enquisa de satisfacción co PAT, o 83,63% do alumnado valora o PAT como bastante ou moi útil, e o 95,91% considera axeitado o sistema de seguimento. Non obstante, o 9,94% considera insuficiente a información previa sobre o PAT, e detectouse que un número significativo de estudantes non sabe o que é o PAT. Este descoñecemento limita a efectividade do sistema e é coherente coa baixa valoración do SGIC por parte do alumnado (criterio 3). Ambos os problemas teñen a mesma raíz: falta de visibilización dos servizos e órganos do centro.

Valoración do bloque 'Recursos humanos'	
Profesorado **B4: Recursos humanos**	4,54
Alumnado **B4: Recursos humanos**	Ed. Infantil- 3,71 Ed. Primaria-3,27
Alumnado titulado **B4: Recursos humanos**	Ed. Infantil- 4,33 Ed. Primaria-3,00
PAS **B3: Recursos humanos**	SD

Puntos débiles detectados na reflexión:	**Denominación das Accións de mellora** (Todas as accións de mellora rexístranse na aplicación SGIC)**:**
•	

Evidencias nas que basea a reflexión:

E15: POD: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área etc.). CV profesionais externos
E16: Información sobre o persoal de apoio do Centro (número e posto desempeñado etc.)
E17: Documento onde se recolla a análise das EAD (% de participación, resultados e a súa evolución…)

- QSP relacionadas cos Recursos Humanos da titulación

Indicadores nos que se basea a reflexión:

I5: Indicadores de formación do profesorado
I6: % de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación
I7: % de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA e resultados obtidos
I8: Indicadores de mobilidade
I13: Planificación docente anual: PDA. (R1 DO-0201 PDA)
I39: ïndice de satisfacción cos Recursos Humanos
I43: Resultados EAD

Criterio 5: Recursos Materiais e Servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos ao dispor do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e resultados de aprendizaxe a adquirir polos mesmos.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos ao dispor do estudantado son os adecuados ás necesidades do título.

Reflexión sobre os Recursos Materiais e Servizos da titulación:

(A reflexión basearase nas evidencias e indicadores que se atopan a continuación. No caso que se detecten debilidades ou oportunidades para a mellora, se indicarán de xeito resumido no apartado "Puntos débiles detectados na reflexión". Cada punto débil detectado terá asociado unha acción de mellora co fin de tentar a súa solución, que se rexistrará na SGIC e se indicará a súa denominación no apartado "Denominación das accións de mellora)

Os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado, do profesorado e do PAS son valorados en xeral de forma positiva, con puntuacións do alumnado estables por encima dos 3 puntos. O plan de mellora permanente de instalacións continúa dando os seus froitos, con melloras continuadas nas instalacións e equipamentos do centro ao longo dos últimos cursos. O alumnado sitúa este bloque en 3,02 en Infantil e 3,20 en Primaria. Aínda que son valores aceptables, están por debaixo da media universitaria (3,36 en Graos). Os ítems peor valorados son os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais (2,79 en Infantil; 3,44 en Primaria) e as plataformas de teledocencia (2,94 en Infantil; 3,63 en Primaria). En contraposición, o persoal de administración e servizos obtén a puntuación máis alta deste bloque (3,71 en Infantil; 3,27 en Primaria), o que reflicte a calidade da atención ofrecida polo PAS. A valoración das plataformas de teledocencia é un punto de mellora consistente ao longo dos cursos. Malia os esforzos realizados en formación do profesorado e actualización de Blackboard, o alumnado percibe estas ferramentas como pouco útiles na súa dimensión non académica (a información institucional).

O Prácticum contou con 99 estudantes matriculados (44 en Infantil e 55 en Primaria) e desenvolveuse entre o 16 de setembro de 2024 e o 28 de febreiro de 2025, cunha rede de seis docentes titores universitarios. A distribución do alumnado en centros escolares foi ampla, abarcando principalmente a provincia de Pontevedra e, en menor medida, centros de A Coruña e doutras provincias. O modelo de reunións quincenais de seminario na Escola, que fomenta a reflexión colectiva sobre a práctica, constitúe un dos puntos fortes do modelo de Prácticum do centro. As enquisas de satisfacción das persoas tituladas reflicten unha valoración especialmente alta deste bloque (Prácticas Externas: 4,50 en Infantil; 4,17 en Primaria), o que confirma o valor formativo desta experiencia.

Tal como se mencionou no criterio 4, o 83,63% do alumnado valora o PAT como útil, pero persiste un 9,94% que considera insuficiente a información previa. Desde a Comisión de Calidade detéctase que a percepción do alumnado sobre a orientación académica recibida (ítem 6 da enquisa de estudantado: 2,50 en Infantil; 3,00 en Primaria) é sensiblemente máis baixa que a media do bloque. Este desfase entre a calidade real do servizo PAT e a percepción do alumnado apunta a un problema de comunicación e visibilización que se repite en varios criterios deste informe.

Valoración do bloque 'Recursos materiais e servizos'	
Profesorado B5: Recursos materiais e servizos	4,37
Alumnado B5: Recursos materiais e servizos	Ed. Infantil- 3,02 Ed. Primaria- 3,20
Alumnado titulado B5: Recursos materiais e servizos	
PAS B4: Recursos materiais e servizos	Sd

Puntos débiles detectados na reflexión:

- Baixa valoración do PAT

Denominación das Accións de mellora (Todas as accións de mellora rexístranse na aplicación SGIC)**:**

- Cambiar o cuestionario de satisfacción do PAT

Evidencias nas que basea a reflexión:

E13: Documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% de participación, resultados e a súa evolución…)
E18: Información sobre os recursos materiais directamente vinculados co título
E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida ou PAT
E20: Listaxe dos centros /entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares
E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
E22: Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas (ligazón)

- QSP relacionadas cos Recursos Materiais e Servizos da titulación

Indicadores nos que se basea a reflexión:

I9: Distribución de alumnado por centros de prácticas (R1 DO-0204)
I13: Planificación docente anual: PDA. (R1 DO-0201 PDA)
I23: Índice de satisfacción cos recursos materiais e servizos
I24: Índice de satisfacción coa orientación recibida no centro
I25: % Alumnado en prácticas académicas
I36: Nº Estudantado titorizado
I37: Grao de Satisfacción do estudantado co PAT
I38: Grao de satisfacción das Persoas Tituladas coas Prácticas

Criterio 6: Resultados de Aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polas persoas tituladas son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polo estudantado e se son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES do título.

Reflexión sobre os Resultados de Aprendizaxe:

(A reflexión basearase nas evidencias e indicadores que se atopan a continuación. No caso que se detecten debilidades ou oportunidades para a mellora, se indicarán de xeito resumido no apartado "Puntos débiles

detectados na reflexión". Cada punto débil detectado terá asociado unha acción de mellora co fin de tentar a súa solución, que se rexistrará na SGIC e se indicará a súa denominación no apartado "Denominación das accións de mellora)

Os resultados de aprendizaxe son, no seu conxunto, coherentes co perfil de egreso das titulacións: formar docentes para a Educación Infantil e Primaria con sólida formación psicopedagóxica, humanística e científica. Os distintos mecanismos de avaliación e seguimento confirman que o alumnado adquire as competencias previstas na memoria verificada. As puntuacións neste bloque son moito máis homoxéneas que noutros criterios: o profesorado valora os resultados en 3,70 en Infantil e 3,72 en Primaria, o alumnado activo en 3,06 e 3,50 respectivamente, e os egresados en 2,83 en ambas titulacións. No curso 2024/2025 non se realizou a enquisa de satisfacción das entidades empregadoras, o que supón a perda dunha fonte de información valiosa para a mellora dos programas formativos.

A coordinación do Traballo de Fin de Grao mantivo a actividade habitual: dúas reunións informativas virtuais co alumnado de ambas titulacións, publicación do cronograma e das listaxes de temáticas e titores/as na web do centro, seguimento das distintas convocatorias (fin de carreira, adiantada ao primeiro cuadrimestre, xuño e xullo) e constitución da Comisión de Matrículas de Honor. Destacou a aprobación en xuño de 2025 dunha modificación no procedemento de defensa oral: aumento do tempo (30 minutos: 15 de exposición + 15 de preguntas) e redistribución da ponderación (40% exposición oral e 60% traballo escrito para tribunal unipersoal). Estas melloras buscan enriquecer a experiencia de defensa do TFG e garantir unha avaliación máis equitativa.

Valoración do bloque 'Resultados de aprendizaxe'	
Profesorado **B6: Resultados de aprendizaxe**	3,71
Alumnado **B6: Resultados de aprendizaxe**	Ed. Infantil- 3,06 Ed. Primaria-3,50
Alumnado titulado **B6: Resultados de aprendizaxe**	

Puntos débiles detectados na reflexión:	**Denominación das Accións de mellora** (Todas as accións de mellora rexístranse na aplicación SGIC)**:**

Evidencias nas que basea a reflexión:

E4: Guías docentes das materias
E8: Resultados das enquisas de satisfacción de empregadores e persoas tituladas sobre o perfil de egreso
E13: Documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% de participación, resultados e a súa evolución…)
E20: Listaxe de centros/entidades para á realización das prácticas externas curriculares ou extracurriculares
E24: Listaxe de TFG/TFM dos 2 últimos cursos académicos (título, titor e cualificación)
E25: Listaxe de cualificacións de cada unha das materias do título
- QSP relacionadas cos Resultados de Aprendizaxe

Indicadores nos que se basea a reflexión:

I10: Indicadores de resultados

Criterio 7: Indicadores de Satisfacción e Rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título..

O curso 2024/2025 presenta un balance de resultados académicos positivo, con melloras significativas nos indicadores máis sensibles, en especial nas taxas de graduación e de abandono. A comparación co curso anterior e ao contexto competitivo do centro permiten valorar estes resultados de forma matizada.

As taxas de éxito sitúanse no 98% en ambas titulacións, o nivel máis alto dos últimos tres cursos. Isto indica que o alumnado que se presenta aos exames obtén bos resultados, o que é coherente cunha formación de calidade e cun sistema de avaliación continuada que favorece o seguimento do alumnado.



A taxa de rendemento (92% en Infantil e 94% en Primaria) e a taxa de avaliación (93% e 95%) tamén presentan valores altos e estables, o que reflicte un bo funcionamento xeral da actividade académica.



A taxa de eficiencia (91,36% en Infantil e 93,58% en Primaria) mantense por encima do 90% por cuarto curso consecutivo, o que evidencia que o alumnado egresado aproveita de forma eficiente o plan de estudos sen acumular un exceso de créditos respecto aos necesarios para titularse. Aínda que experimenta un leve descenso con respecto ao curso anterior (95,57% e 94,62%), a tendencia global é positiva.



O dato máis relevante do curso 2024/2025 é a mellora na taxa de graduación en ambas titulacións: o Grao en Educación Infantil pasa do 49,28% ao 52,86%, e o Grao en Educación Primaria experimenta un salto notable do 62,12% ao 70,42%. Esta recuperación é especialmente significativa en Primaria, que se sitúa no nivel máis alto dos tres últimos cursos. En Infantil, aínda que a mellora é real, a taxa segue a estar por debaixo dos valores de cursos anteriores (70,27% en 2022/2023), o que suxire que o problema estrutural do abandono nesta titulación non está completamente resolto.



A taxa de abandono descende en ambas titulacións: en Infantil pasa do 27,87% ao 23,94%, e en Primaria do 25,88% ao 20,25%. Este descenso é moi positivo e está en coherencia coa mellora na taxa de graduación. Non obstante, os valores seguen a ser elevados en termos comparativos, especialmente en Infantil, onde case 1 de cada 4 estudantes abandona. A análise das causas de abandono é fundamental: parte deste abandono pode deberse a traslados a centros públicos da mesma universidade (Pontevedra ou Ourense) ou a outros aspectos que cómpre analizar.



O alumnado activo sitúa a súa satisfacción global en 3,04 en Infantil e 3,35 en Primaria. Estas puntuacións son estables con respecto aos cursos anteriores (3,18 e 3,45 en 2023/2024), o que indica que o nivel de satisfacción xeral non experimenta nin melloras nin empeoramento significativos. O bloque mellor valorado en Infantil é o de Recursos Humanos (PAS), mentres que en Primaria son o de Información e Transparencia e o de Organización e Desenvolvemento. O bloque peor valorado en ambas titulacións, como xa se mencionou no criterio 3, é o de Sistema de Garantía de Calidade, así como os epígrafes relacionados coa orientación académica e o PAT.



A satisfacción global dos egresados presenta un valor de 3,39 en Infantil e 2,91 en Primaria. Non obstante, a baixa participación lévanos a non analizar estes datos nin a extraer conclusións sobre eles. De feito, a participación do alumnado activo nas enquisas de satisfacción coas titulacións foi do 60,71% en Infantil (34 sobre 56 potenciais) e do 20,75% en Primaria (11 sobre 53 potenciais). Este contraste é moi acusado: mentres que en Infantil se acadou un nivel de participación aceptable e o máis alto dos últimos cursos, en Primaria a participación cae de forma preocupante desde o 69% do curso anterior. Este descenso en Primaria é o principal reto en materia de participación nas enquisas e require dunha análise das causas e dunha estratexia diferenciada para esta titulación.

En termos globais, o curso 2024/2025 presenta un balance positivo no que respecta aos indicadores académicos, cun repunte notable nas taxas de graduación e un descenso na de abandono. O principal desafío identificado é a participación nas enquisas de satisfacción —especialmente en Primaria— e a mellora da percepción do SGIC polo alumnado.

Puntos débiles detectados na reflexión:	**Denominación das Accións de mellora** (Todas as accións de mellora rexístranse na aplicación SGIC)**:**
• .. • ..	• Organización de charlas informativas sobre normativa académica e saídas profesionais. • ..

<u>Evidencias nas que basea a reflexión:</u>

E12: Plans de mellora (en concreto, accións de mellora realizadas a partir dos resultados obtidos en todos os indicadores)
E13: Documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (porcentaxe de participación, resultados e a súa evolución...)
E29: Documento onde se recolla a análise dos resultados do título (incluídos indicadores de inserción laboral e SIIU)

- QSP relacionadas cos Indicadores de satisfacción e rendemento da titulación

<u>Indicadores nos que se basea a reflexión:</u>

I1-I2: Número de estudantes de novo ingreso
I10: Indicadores de resultados
I11: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso:
I12: Resultados de inserción laboral
I20: Índice das enquisas de satisfacción coas titulacións
I21: Taxa de abandono (Egreso)
I22: Taxa de cambio de estudo
I35: Nota media do acceso

III ACCIÓNS DE MELLORA

III.1 Novas accións de mellora propostas

Neste apartado incluiranse todas as accións de mellora que xurdiron da análise dos diferentes criterios das titulacións.

Na táboa reflexaranse as denominacións das accións de mellora, que deberán coincidir coa denominación que empreguemos para rexistralas na aplicación SGC. Na columna "Alcance " indicarase se a acción de mellora correspondente atinxe a totalidade do centro ou só a unha das titulacións. Na columna "criterio" indicarase cal dos sete criterios esta asociado a esta acción.

Todas as accións de mellora deberán rexistrarse e facer o seu seguimento a través da aplicación SGC do sistema de calidade. Isto é moi importante para garantir a trazabilidade dos plans de mellora e afrontar adecuadamente os procesos de avaliación externa.

Acción de Mellora	Alcance	Criterio
Establecer un calendario académico de actividades académicas ao comezo de curso	Centro	2. Información e Transparencia
Mellorar a satisfacción do alumnado co sistema QSP	Centro	3. Sistema de Garantía de Calidade
Modificar o cuestionario de satisfacción do PAT	Centro	7: Indicadores de Satisfacción e Rendemento
Organización de charlas informativas sobre normativa académica e saídas profesionais	Centro	7: Indicadores de Satisfacción e Rendemento

III.2 Seguimento das accións de mellora establecidas

O seguimento das accións de mellora que non se finalizaron no curso anterior, realizarase na aplicación da secretaria virtual (SGC). Como anexo, a este informe deberá xuntarse o documento pdf descargado da aplicación, coa totalidade das accións de mellora activas e as que non estiveran finalizadas no informe anterior.

IV CADRO DE MANDO

IV.1 Análise dos obxectivos e metas

Neste apartado reflexionase sobre a consecución dos obxectivos/metas de calidade, que se recollen no cadro de mando. A reflexión poderá levar asociada o establecemento de accións de mellora no caso de que os resultados non foran satisfactorios.

V QUEIXAS, SUXESTIÓNS E PARABÉNS

Neste epígrafe realizarase unha análise de cada unha das queixas ou suxestións recibidas polo centro e que foron consideradas pertinentes, indicando as respostas ás queixas e as actuacións ou accións de mellora que se estableceron a partir das mesmas. Así mesmo indicarase os motivos dos parabéns recibidos.

Código QSP	Descrición da QSP	Análise das causas da queixa	Actuacións a desenvolver

VI PLAN ESTRATÉXICO/ PLAN OPERATIVO

Neste apartado realizarase unha explicación do desenvolvemento do plan estratéxico neste curso académico, indicando as accións que se realizaron, os resultados acadados facendo referencia aos indicadores asociados ao mesmo.

VII ANEXOS

Obrigatoriamente deberán xuntarse a este informe:

- Anexo 1: Informe de resultados das titulacións das enquisas de avaliación docente (EAD) do curso obxecto de análise.
- Anexo 2: Plan de mellora, que incorpora as novas accións e o seguimento das accións de mellora establecidas e non pechadas en cursos anteriores (Documento pdf).
- Anexo 3: Documento coas cualificacións das materias das titulacións.
- Anexo 4: Documento coa cualificación de profesorado.

Tamén pódense incluír outra documentación adicional, no caso que o centro pode consideralo de interese

O cadro de mando cumprimentado e actualizado, deberá publicarse anualmente na páxina web do centro.

UNIVERSIDADE DE VIGO

Informe:	Resultado da avaliación docente da titulación
Curso:	2024/2025
Centro:	E. U. de Profesorado de E.X.B.
Titulación:	11503 Grao en Educación Infantil

Titulación:	[11503] Grao en Educación Infantil				
Centro:	E. U. de Profesorado de E.X.B.				
Curso	2024/2025				
Encuestas realizadas	1367	**Encuestas potenciales**	3119	**Porcentaje**	43.83

Informe de Titulación

ITEM	Titulación Cursos 1	2	3	4	0	Global	Centro Global	Rama Global	Universidade Titulación Grao	Mestrado	Global
M01. A guía docente expón de xeito claro e comprensible como se desenvolve a materia (contidos, metodoloxías, sistemas de avaliación...).	3.96	4.25	4.50		4.46	4.17	4.13	4.33	4.25	4.54	4.29
